

MEMORIA

“BERGONDO NUN CONTO”

Traballo por proxectos

CPI Cruz do Sar

Curso 2013-2014

INTRODUCCIÓN (xustificación, calendario de realización, alumnado e profesorado participante, organización, referencia aos contidos curriculares e ás competencias básicas.

Xustificación

O concello de Bergondo está formado por nove parroquias e posúe características eminentemente rurais, a vivenda segue sendo unifamiliar nas diferentes parroquias, sendo a parroquia de Guísamo onde atopamos o núcleo de poboación máis importante.

Bergondo é un dos concellos mellor comunicados de Galicia. En Santa Marta de Babío enlaza coa autopista A-9. Polo sur discorren a Autovía do Noroeste (A-6) e a estrada N-VI. As estradas LC-164, de Ferrol a A Coruña, e a LC-161, de Betanzos a Sada, son outras das importantes vías de comunicación.

Bergondo limita cós concellos de Sada, Paderne, Abegondo, Cambre e Betanzos e pertence ao partido xudicial de Betanzos. As súas relacións económicas e funcionais vincúlano coa Área Metropolitana de A Coruña.

Probablemente, debido a esta dispersión da poboación e á falta de núcleos poboacionais por unha banda, e tamén debido á proximidade con núcleos de poboación importantes doutros concellos fai que a vida nas parroquias non teña a intensidade doutras épocas.

O CPI Cruz do Sar recibe destas parroquias un total de 394 alumnos e alumnas distribuídos entre EP e ESO. Os alumnos de E.I. están escolarizados nas escolas infantís situadas nas parroquias e agrupadas no CRA Bergondo . Estas escolas de E.I.tamén participan nas actividades que se poñen dende a Biblioteca do centro.

A biblioteca coordinada co profesorado propuxo para este ano traballar no descubrimento das parroquias do noso concello: lugares emblemáticos, recunchos descoñecidos, personaxes importantes que viviron no Concello, autores literarios que naceron ou viven no concello de Bergondo, etc.

A Biblioteca será, como en anos anteriores o centro de recursos e dinamización para a realización deste traballo de información e aprendizaxe útil a todo o alumnado e á comunidade escolar no seu conxunto.

A base do traballo serán uns caderniños elaborados polos profesores, coordinados pola biblioteca nos que se irán pegando uns adhesivos con imaxes do concello e que se irán completando coa información que van recompilando os alumnos.

Os protagonistas do traballo serán os alumnos e alumnas do CPI Cruz do Sar, que levarán a cabo os traballos de investigación, ao longo do segundo trimestre. A investigación dos alumnos de EP basearase sobre todo na recompilación de información obtida preguntando ás persoas

que viven nas diferentes parroquias sobre diferentes aspectos da vida cotiá dos seus lugares e aldeas. Os alumnos de ESO traballarán co Rexistro do concello de Bergondo para elaborar os seus diferentes traballos e levarán a cabo un traballo de investigación a través da observación de fotografías antigas pertencentes ás familias.

Calendario de realización

Organizamos o traballo ao longo de todo o curso da seguinte maneira:

- Primeiro trimestre:
 - Deseño de caderniños
 - Realización de fotografías panorámicas de lugares emblemáticos do concello para facer unha primeira aproximación ao tema.
 - En EP recompilación de fotografías dos distintos lugares de Bergondo para realizar os adhesivos que despois utilizaremos a modo de cromos.
 - En ESO Recompilación de fotografías antigas e realización de fotografías actuais para levar a cabo o traballo de urbanismo comparando imaxes.
 - Realización de fotografías panorámicas de lugares emblemáticos do concello para facer unha aproximación ao tema.
- Segundo trimestre:
 - Visita guiada polas parroquias do concello para os profesores coa fin de ir situando os diversos lugares.
 - Presentación da campaña aos diferentes cursos a través dun xogo con fotografías. Aproveitase este momento para facerlle ver ao alumnado o descoñecemento que ten dos lugares do concello.
 - Os alumnos van recompilando información e completando o seus caderniños persoais.
 - Con esta información elabóranse os traballos finais, a nivel de clase para mostrarlles ao resto da comunidade educativa.
 - Comezamos a xestionar as visitas cos diferentes autores e ilustradores nados en Bergondo ou que viven no noso concello para organizar encontros con eles e comezamos a traballar no coñecemento da súa traxectoria persoal e profesional e tamén na súa obra .
 - Establecemos contactos con diferentes entidades do concello para organizar os itinerarios e as visitas: Concello de Bergondo, Mosteiro de San Salvador, pazos, industrias, etc.
- Terceiro trimestre
 - Itinerarios dos diferentes ciclos
 - Anillado de aves no Obsevatorio Ornitolóxico do Pazo de Mariñán
 - A pregunta do día, todas as pregunta trataron diferentes aspectos do concello de Bergondo.
 - Encontros cos autores
 - Visita do CRA
 - Exposición final

- Elaboración dun libríño a modo de Abecedario sobre Bergondo, que sintetice todo o traballado durante o curso

Alumnado e profesorado participante

- Alumnos e alumnas do CRA de Bergondo e as súas profesoras, que como cada ano participaron na campaña proposta pola Biblioteca.
- En EP participaron tódolos cursos e os seus profesores, tanto os titores coma os xeneralistas. Dende un primeiro momento, e en varias etapas.
- Varios departamentos de ESO traballaron o tema proposto pola biblioteca dende diferentes puntos de vista polo que unha gran parte do profesorado e todo o alumnado de ESO quedou implicado da campaña.

Organización

Unha vez feitos os itinerarios íamos cumprimentando os caderniños e facendo os traballos de investigación. Así se foron repartindo os diferentes temas para traballar en forma de “Abecedario”

A Senra	6º A
Bergondo	5º
CPI Cruz do Sar	2º ciclo EP
Dores Tembrás	1º A
Economía	5º
Festas	2º ciclo EP
Emigración	ESO
Historia	Secundaria
Igrexas	Relixión ESO
Letras	Antonio Placer-Francés ESO Elena Veiga- Galego ESO
Miguelanxo Prado	ESO
Natureza	2º A
Mariñas Comarca	5º
Orfebres	1º B
Parroquias	2º ciclo EP

Arquitectura	6º B
Relevo	ESO
Servizos	CRA
Turismo	2º B
Urbanismo	ESO
Viqueira	2º ciclo EP
Xabier López	ESO
Pazos	2º ciclo EP

Referencia aos contidos curriculares e ás competencias básicas.

O contido principal deste traballo por proxectos é o coñecemento do Concello de Bergondo en tódolos seus ámbitos por parte do alumnado e profesorado.

Este traballo por proxectos contribuíu á adquisición das seguintes competencias básicas:

1. Competencia lingüística, adquirida a través de:
 - Recollida de lendas, ditos e refráns.
 - Entrevistas a persoas maiores e autores.
 - Estudo da vida e obra de cada autor que forma parte da campaña.
2. Competencia matemática, adquirida con:
 - Traballo con bases de datos
 - Elaboración de gráficas
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:
 - Traballos de investigación sobre o relevo, flora e fauna.
 - Anillado de aves no Observatorio ornitolóxico do pazo de Mariñán .
 - Investigación sobre a Natureza .
4. Tratamento da información e competencia dixital:
 - Traballos de investigación a través de internet.
 - Elaboración de gráficas, traballo con bases de datos, etc
 - Elaboración e presentación de traballos.
5. Competencia social e cidadá
 - Emigración, economía, urbanismo, historia.
 - Visita ás distintas entidades e servizos do concello (casa da cultura, policía, bombeiros,etc).
 - Traballos de investigación cos veciños sobre as festas, feiras e tradicións do concello.
 - Centros cívicos das parroquias
 - Arquitectura civil: lavadoiros, fontes, edificios arquitectónicos emblemáticos, casas singulares, etc.
6. Competencia cultural e artística
 - Arquitectura: Mosteiro, pazos, igrexas

7 e 8. Competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal

- Recorrido polas parroquias entrevistando xente e sacando fotos e recompilando a información necesaria para o traballo que van a realizar.
- Traballo autónomo e persoal dos alumnos e alumnas.

Obxecto ou temática de investigación propostos.

O obxecto da investigación proposto é o Concello de Bergondo, o coñecemento das súas parroquias, aldeas e lugares. Os edificios emblemáticos como a casa do concello, empresas e servizos. Pazos, igrexas e capelas das parroquias, as súas festas e feiras, as súas características xeográficas, a natureza, etc. Tamén estudamos persoas importantes nadas, que viven ou traballan no concello.

Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

No primeiro trimestre o equipo da Biblioteca e o profesorado de primaria deseñan uns caderniños para facer distintos itinerarios por Bergondo. Facendo tamén moitas fotografías de distintos lugares do Concello de Bergondo para facer adhesivos que a xeito de cromos, cada alumno irá pegando no seu caderniño colocando ao seu carón a información recollida ou facendo debuxos.

A finalidade deste traballo é a de recoller información para facer un glosario a xeito de “Abecedario” sobre Bergondo.

A maioría da información recollida polos alumnos de ESO ten como fonte o rexistro do Concello de Bergondo, sobre todo da emigración. Tamén traballaron e investigaron pola súa conta sobre os cambios que foron tendo lugar nas distintas parroquias por asentamentos da poboación, urbanismo, industria, etc. Utilizaron moitas fotografías para ilustrar os cambios que tiveron lugar en diferentes aspectos do concello.



No 2º trimestre propónse unha visita guiada polas parroquias do concello para o profesorado, coa fin de ir situando os distintos lugares.

As saídas co alumnado pospóñense para o terceiro trimestre polas adversidades meteorolóxicas sufridas pola nosa comunidade durante este inverno.



Durante o **segundo trimestre** os cursos EP pasaron pola Biblioteca para facer a presentación da campaña. A encargada da Biblioteca lles contou que en anos anteriores se fixeran nas aulas sobre Bergondo, e despois propónlles un xogo con fotografías de lugares de Bergondo para comprobar se as recoñecían. Así moitos deles quedan en evidencia ao darse conta de que hai moitos lugares do concello que non coñecen. É neste momento cando se presentan e se reparten os caderniños dos itinerarios e os adhesivos para completalos.



Pouco a pouco os nenos van traendo información sobre o tema que se lles propón para ir completando o seu caderniño. Na clase vaise traballando con esta información, estrutúrase, fanse resumos, etc.



Unha vez procesada a información sobre un determinado itinerario os alumnos e alumnas pasan a información e os adhesivos coas fotografías dos lugares correspondentes ao seu caderniño e van elaborando diferentes traballos para mostrarllos aos seus compañeiros e ao resto do alumnado do centro.



Estes caderniños tamén se lles facilitaron ás escolas de infantil que forman o CRA de Bergondo, que coma cada ano traballan a campaña proposta polo noso centro.

Ao mesmo tempo imos contactando cos diferentes autores e ilustradores nados en Bergondo ou que viven no noso concello para organizar encontros con eles e comezamos a traballar no coñecemento da súa traxectoria persoal e profesional e na súa obra .

Tamén establecemos contactos con diferentes entidades do concello para organizar os itinerarios e as visitas: Concello de Bergondo, Mosteiro de San Salvador, pazos, industrias, etc. No terceiro trimestre realízanse os itinerarios cos alumnos, estes itinerarios levan aos alumnos de EP, repartidos por ciclos, a coñecer cada lugar, parroquia, pazo, lavadoiro, praia ou recuncho do concello.



Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

- En EP unha das principais tarefas foi a recollida de información polas diferentes parroquias por parte do alumnado.
Tamén fixeron un gran traballo de investigación de todos os “recunchos das parroquias”. Non hai documentación escrita de todos estes datos, polo tanto os alumnos baseáronse nas testemuñas dos veciños para reconstruír historias da vida cotiá e tradicións das diferentes parroquias.
- En Secundaria implicáronse na campaña os Departamentos de Sociais Relixión, Lingua galega, Plástica e Lingua castelá.
 - Departamento de Plástica, fixo o deseño co alumnado de 4º de ESO das letras do traballo final.



○ O Departamento de Relixión traballou co alumnado de segundo e cuarto de ESO na elaboración do mural que recrea a Ponte do Pedrido e que serviu de base para as sucesivas exposicións que se colocaron na entrada do colexio.

Utilizamos este mural por primeira vez para servir de fondo ao belén mariñeiro que colocamos este ano.



Ademais os alumnos de 4º de ESO de Relixión participaron na exposición sobre Bergondo facendo un traballo sobre as igrexas das parroquias de Bergondo e os seus santos patróns.


- Departamento de Galego

Traballaron en tódolos cursos preparando as visitas dos autores de Bergondo, repasando as obras de Dores Tembrás, sobre todo “O poso do fume”, de Xabier López presentaron a súa obra na clase e os alumnos de 3º de ESO leron “Cando Artur non era rei” e Miguelanxo Prado, co visionado da película “De profundis” e un repaso polo resto da súa obra gráfica presente na Biblioteca do centro.

- Departamento de Lingua castelá

Traballaron a Banda Deseñada partindo da obra de Miguelanxo Prado e fixeron un traballo de investigación sobre a súa obra.

- Departamento de Francés



Estudou e deu a coñecer a obra poética do cantautor Antonio Placer, no curso de 3º de ESO . Antonio Placer que reside en Francia pero que ten as súas orixes en Bergondo. A clase estudou a súa obra e adaptou os seus poemas e elaboraron un póster coa técnica do “collage” utilizando revistas francesas e imaxes do autor.

- Departamento de Sociais



En Galiza non se pide nada. Emígrase.


Realizou traballos de investigación sobre **a emigración en Bergondo** cos datos facilitados po rexistro do concello. Compararon a emigración no concello de Bergondo co resto da provincia de A Coruña. Os destinos preferentes desta emigración Arxentina, Cuba e máis tarde Nova York.

Predominou a emigración masculina e o perfil profesional dos mariñeiros.

O “Centro de recreo e instrucción de Bergondo e os seus arredores” e un resultado do asociacionismo bergondés en Nova York. Esta asociación formada cos emigrantes desta zona coas súas achegas construíron o

complexo de A Senra, edificio emblemático de Bergondo, situado a carón do noso colexio.

Tamén traballaron **o relevo** do concello de Bergondo. Dentro do Golfo Ártabro está situado nunha zona ampla por debaixo dos 200m. De altitude, formada fundamentalmente por xistos. A cota máis elevada do concello é o monte de Santa Marta de Babío con 189m. de altitude.



O urbanismo no concello de Bergondo: Posúe características eminentemente rurais. Recolleron moitas fotografías antigas para comparar os cambios que se produciron ata hoxe en día en asentamentos de poboación, cultivos, etc.

A vivenda sigue sendo unifamiliar nas distintas parroquias, sendo Guísamo o único núcleo no que se permite a construción en altura.

Recursos utilizados e fontes consultadas.

Na biblioteca do centro montouse unha exposición con material referente ao concello de Bergondo (libros, revistas, folletos turísticos, etc) aportados polo concello, a biblioteca municipal, aportacións veciñais e fondos da propia biblioteca escolar.

Outro recurso importante foron as fotografías, tanto as actuais como as antigas, aportadas na súa maioría polo alumnado, procedentes da familia, e outras feitas polo profesorado.

Os alumnos de ESO e 3º ciclo de EP utilizaron os datos do rexistro do concello, fixeron este traballo de investigación a través de internet e tamén con datos aportados polo propio concello. A partir destes datos o alumnado elaborou traballos sobre emigración, urbanismo, economía, historia, etc.

A biblioteca do centro foi a fonte de recursos principal onde o alumnado acudiu a facer as consultas en libros, enciclopedias, internet, etc.

Implicación da comunidade educativa, no seu caso.

A implicación da comunidade educativa na realización deste traballo por proxectos foi moi ampla.

Coordinado dende a biblioteca do CPI cruz do Sar, e proposto como a campaña do curso 2013-14 “Bergondo nun conto “ contou coa colaboración do Concello de Bergondo, que colaborou poñendo a disposición da biblioteca do CPI Cruz do Sar fondos bibliográficos, tanto da biblioteca municipal como do propio concello, e datos do rexistro municipal aportados pola encargada do arquivo, Marta, que ensinoulle a tódolos nenos os segredos do arquivo municipal; O concello de Bergondo estivo a nosa disposición á hora de organizar os itinerarios, foron guías que nos ensinaron as instalacións do concello e de tódolos servizos, como bombeiros, policía municipal, casa da cultura, etc. E tamén colaboraron economicamente sufragando os gastos dos premios entregados no concurso de marcapáxinas, poesía e contos. Podemos considerar a alcaldesa coma unha colaboradora especial, foi alumna do centro, é a representante do concello no Consello Escolar, nesta campaña estivo a nosa disposición recibíndonos persoalmente aos diferentes grupos para mostrarnos as instalacións e explicarnos como funciona o concello (salón de plenos, rexistro, etc).

O Párroco do Mosteiro de San Salvador de Bergondo, recibíunos e explicou a historia do Mosteiro. Tamén visitamos as outras parroquias onde o sancristán nos ensinou diferentes igrexas.

Empresas de Bergondo, ensináronnos as instalacións e o seu funcionamento. Visitamos a sé central de Brico King, recorrimos o edificio e accedimos a terraza para ver a panorámica do concello dende este lugar.

Outras empresas do concello patrocinaron os caderniños de traballo.

Colaboración moi importante por parte dos pais, profesorado xubilado, profesorado EP, persoal da cociña, persoas maiores das distintas parroquias, que investigaron e aportaron a información.

Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

Cada alumno de E.P . e E.I foron completando cos adhesivos e a información recollida nos distintos itinerarios o seu caderniño, para ensinarllo ás súas familias. As empresas patrocinadoras recibiron como agasallo un caderniño completado polos nenos.

Toda a comunidade educativa participou cos seus traballos, en diferentes formatos, na exposición final que estivo exposta na entrada do edificio principal do CPI Cruz do Sar durante todo o mes de Xuño.

A información sobre os traballos e itinerarios que ían realizando os alumnos foise mostrando nos blogs de aula, no blog da biblioteca, e no facebook do centro.

Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias básicas do currículo, entre outros aspectos.

Os instrumentos esenciais para a avaliación do traballo dos alumnos foron os diferentes traballos escritos coa información recollida, e a execución do propio caderniño onde se podía comprobar a consecución dos obxectivos e adquisición das competencias básicas.

A exposición final é o resultado do traballo do alumnado e profesorado e ademais serve de mostra para toda a comunidade educativa.

As enquisas dirixidas ao alumnado e persoal docente, serven para recoller a valoración que a comunidade escolar fai da campaña do curso.

Función e participación da Biblioteca escolar en todo o proceso.

O equipo da biblioteca propón o tema para o traballo por proxectos. Así, organiza saídas, exposicións , entrevistas, encontros con autores, programa, proporciona material e instalacións, asume gastos , etc.

Bergondo 25 de xuño de 2014

Encargadas da biblioteca

Dolores Barreiro Fernández

Ana María García Paz